



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

Os espectáculos que triunfan na escena 'off' estatal chegan a Carballo da man do FIOT

Historias de mulleres e a posta en valor da creación feminina a través de diferentes xeracións marcan o fío da programación desta fin de semana no FIOT31

O Pazo da Cultura acolle, no marco do Programa de Sala, a estrea en Galicia de 'Impalpable', da compañía arxentina Sambuseck (venres 21), e 'Eclipse total', de Pont Flotant (sábado 22)

'Freak', a adaptación que Paula Amor fai do texto de Anna Jordan -unha das dramaturgas europeas máis relevantes das últimas décadas- chega ao OTNI o domingo 23

'Amantis', escrita e dirixida por Tamara Canosa, trasladará mañá ao público adolescente, no marco do FIOTeen, unha ollada optimista, aceda e sen prexuízos sobre as linguaxes dixitais e novas formas de relacionarnos; mentres que a creadora e intérprete Natalia Fernandes presentará o xoves 20 o *work in progress* de '¿Podemos hablar de Caetano?'

Carballo, 17 de outubro de 2022. - Historias de mulleres e a posta en valor da creación feminina a través de diferentes xeracións marcan o relato que conforma a programación da cuarta fin de semana da 31ª edición do Festival Internacional Outono de Teatro, o FIOT. Pezas que están a triunfar na escena 'off' madrileña, como 'Impalpable', da compañía arxentina Sambuseck, ou 'Freak', a adaptación que Amor Producciones realiza sobre a obra de Anna Jordan, chegan a Carballo da man do FIOT, nun momento no que tamén regresará ao certame Pont Flotant coa súa nova montaxe: 'Eclipse total'. Ademais, o público adolescente terá ocasión de gozar dunha función de 'Amantis', a última creación de Rebordelos; e a Natalia Fernandes avanzará no OTNI o estado da súa nova creación, '¿Podemos hablar de Caetano?', sobre o universo poético de Caetano Veloso.

O FIOT propón para esta fin de semana, no marco do Programa de Sala **dúas estreas en Galicia**. A primeira das funcións chegará o **venres 21 da man de Sambuseck**, que trae a Carballo unha peza ambientada na Arxentina dos anos 50 que combina a complexidade das personaxes cunha cuidada estética cinematográfica, na que as mulleres reivindicán o seu espazo e territorio social. **'Impalpable'** é unha creación colectiva fermosa, evocadora e agridoce que se inspira en textos, entrevistas e na biografía do escritor arxentino Manuel Puig (autor, entre outras, de 'El beso de la mujer araña'). Nunha localidade na que o silencio e a mentiras son as premisas sobre as que se sustenta a vida cotiá, as mulleres protagonistas vense obrigadas a ocultar a realidade coa ficción.

A segunda das citas do Programa de Sala co público do FIOT chegará o sábado 22 e será con outra compañía querida no certame: **Pont Flotant**. Os valencianos presentan o seu **'Eclipse total'**, unha fermosa montaxe sobre o legado e a memoria, na que empregan o eclipse como metáfora para abordar como vivir sabendo que, un día, deixaremos de estar vivos. A compañía vólvese enredar nos fíos da memoria para cuestionar como nos preparamos ante un feito inevitable e irreversible como é a morte. Coa sinxeleza, naturalidade e delicadeza que caracteriza o universo da compañía, Pont Flotant presenta un exercicio escénico no que parten do humor e da beleza para mesturar o cotián co trascendental, e o o íntimo e persoal adquire unha dimensión o social.

Xa na xornada do domingo 23, será a quenda doutra das xoias da carteleira estatal e cita imprescindible para as máis fioteiras e fioteiros: **'Freak', de Amor Producciones**, o texto de Anna Jordan, unha das dramaturgas máis relevantes da escena europea dos últimos anos, e no que aborda o lugar que ocupa a muller dentro da sociedade. Freak, adaptada e dirixida por Paula Amor, é unha peza de teatro social que se converteu nunha



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

referencia internacional polo seu xeito de abordar a sexualidade, entre a despesoeranza e o humor. A obra, na que as personaxes interpretadas por Lorena López e Lara Serrano se abren completamente ao público, fala de como loitar contra o que xa está establecido; do baleiro e de non recoñecerse a unha mesma fronte ao exterior e, ao cabo, de como o teatro pode dar resposta a os nosos problemas actuais.

Novas citas do FIOTeen e OTNI

A programación escénica desta semana do FIOT no Pazo da Cultura -pois nos institutos a compañía Galeatro segue a achegar a súa particular visión sobre o certame- comezará mañá mesmo, martes 18, cunha función de **'Amantis', de Rebordelos**, dirixida por Tamara Canosa e escrita pola propia directora e Xacio Baño. A produción, na que o actor Roque Ruiz interpreta o protagonista, explora a fenda xeracional entre nativos e non nativos dixitais, tentando comprender como inclúen as redes sociais, os selfies, o sexting, a igualdade ou as novas masculinidades na formación da identidade propia e nas relacións interpersoais. A cita será ás 11.00 horas no auditorio do Pazo.

O xoves 20 ás 20.30 horas, en paralelo á función do OTNI programada para este domingo -'Freak'-, o ciclo achegará o *work in progress* de '¿Podemos hablar de Caetano?', a nova creación da performer, bailarina e coreógrafa brasileira **Natalia Fernandes**, un proxecto a cabalo entre un álbum de música, unha conversa e unha coreografía que achegará ao centro do escenario o universo poético do cantante Caetano Veloso. A peza, aínda en proceso, é resultado da residencia que a artista levou a cabo no mes de agosto no Pazo da Cultura no marco das Residencias Paraíso, impulsado polo Colectivo RPM e que conta co apoio da Agadic e do Concello de Carballo.

AXENDA FIOT31 MARTES 18-DOMINGO 23

Martes 18 de outubro

11.00 horas no Pazo da Cultura | Auditorio
FIOTeen | 'Amantis', de Rebordelos.

Xoves 20 de outubro

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio
OTNI | *Work in progress* de '¿Podemos hablar de Caetano', de Natalia Fernandes.

Venres 21 de outubro

21.00 horas no Pazo da Cultura | Auditorio
Programa de Sala | 'Impalpable', de Compañía Sambuseck (**ESTREA EN GALICIA**).

Sábado 22 de outubro

13.00 horas no Pazo da Cultura
Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Machús Osinaga, Patricia de Lorenzo e Xesús Ron (Grupo Chévere) e Álex Cantó e Jesús Muñoz (Pont Flotant).



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas na Ponte do Parque Anllóns

Metro Cadrado | 'Xeografía dos corpos', da Compañía Ánxela Blanco **(ESTREA ABSOLUTA).**

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas no Escaparate Zocas

Metro Cadrado | 'Homeless', de Mónica Paradela **(ESTREA ABSOLUTA).**

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | 'Eclipse', de Pont Flotant **(ESTREA EN GALICIA).**

23.00 horas no Mercado municipal

Rúa dos Contos | 'Contando polos dedos', de Quico Cadaval e Chusa Pérez de Vallejo **(espectáculo con intérprete en lingua de signos)**

Domingo 23 de outubro

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

OTNI | 'Freak', de Amor Producciones.

Contacto de prensa | comunicacion@fiot.gal

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

Sala de prensa #FIOT31 | www.fiot.gal/prensa